

PLAN DE REFORZO PARA ALUMNADO CON MATERIAS NON SUPERADAS E PENDENTES

CURSO: 2025-2026

MATERIA: Matemáticas I		CURSO: 1º BAC
PROFESOR: José Luís Sacau Fontenla		
Contidos básicos a reforzar e criterios de avaliación	Serán avaliados os contidos que foron efectivamente impartidos no curso anterior, consonte se indica na memoria do departamento. <u>1ª Proba</u> Números; Funcións UD1. Números reais. UD2. Funcións. UD3. Límites e continuidade. UD4. Derivadas. UD5. Aplicacións das derivadas. <u>2ª Proba</u> Estatística e Probabilidade; Álgebra UD6. Estatística. UD7. Probabilidade. UD8. Álgebra. UD9. Trigonometría. O alumnado coa materia pendente de cursos anteriores fará dúas probas convocadas oficialmente pola Xefatura de Estudos, para as que se informará debidamente e coa suficiente antelación dos contidos correspondentes a cada unha delas. No caso de que se superen ambas probas cunha cualificación non inferior a 5 considerárase que a materia está superada e a cualificación será a media de ambas arredondada ao enteiro máis próximo; en caso contrario convocarase unha proba ordinaria sobre os contidos non superados e considerárase superada a materia sempre que a cualificación sexa non inferior a 5. Se a cualificación obtida na avaliación ordinaria de pendentes non é suficiente a alumna ou alumno deberá presentarse á proba extraordinaria, que incluírá todos os contidos e criterios de avaliación mínimos consignados na programación do curso. A distribución de contidos por cada proba será publicada ao comezo de cada curso na Aula Virtual, na ligazón https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfontexeria/aulavirtual/course/view.php?id=858	
Estratexias metodolóxicas que se empregarán	Segundo se valore por parte dos membros do departamento e á vista da evolución do alumnado no curso actual, poderá establecerse a realización de tarefas de reforzo, consolidación e ampliación, por medios impresos (libros de texto, apuntamentos ou boletíns de exercicios) ou dixitais (unidades interactivas ou outras). Estas tarefas poderán ser revisadas por parte do profesorado do departamento coa fin de facer un seguimento da preparación das probas, corrixir erros e orientar a aprendizaxe cara a superación da materia. A información sobre estes recursos e tarefas estará dispoñíbel a través da Aula Virtual e o profesorado fará así mesmo un seguimento directo durante os períodos lectivos normais correspondentes ao curso actual. Ademais, o profesorado do departamento ofrecerá a posibilidade de atender a este alumnado ao longo de todo o curso durante os	

	períodos de recreo para resolver dúbidas, corrixir exercicios ou facer repasos da materia.
Recursos (material de aula, caderniño, recursos TIC, etc)	a) Textos impresos: fotocopias e versións dixitais das unidades didácticas. b) Material de uso propio para o traballo na clase ou na casa: libreta cuadriculada, portafolios, bolígrafo, lapis ... c) Materiais de debuxo: regra, escuadra, cartabón, transportador e compás, papel milimetrado ... d) Calculadora científica. e) Equipamento informático: ordenadores das salas de informática. f) Aplicativos informáticos ou para dispositivos móbiles: Wiris, GeoGebra, paquetes ofimáticos (procesador de texto e folla de cálculo). g) Aula Virtual e outros recursos web de acceso libre. h) Pizarra dixital.
Tarefas e actividades a realizar e temporalización das mesmas	O departamento porá a disposición na Aula Virtual os recursos necesarios para preparar cada unha das probas escritas, xunto con modelos de exame de cursos anteriores e outros recursos, como boletíns de exercicios ou unidades interactivas relativas aos contidos de cada proba. O alumnado poderá entregar boletíns de exercicios para a súa corrección, distribuídas no tempo consonte a distribución de contidos das propias probas e do calendario que estableza a Xefatura de Estudos.
Instrumentos de avaliación (traballos regulares, exposicións, etc)	A avaliación realizarase a partir das cualificacións obtidas nas probas escritas parciais, ordinaria ou extraordinaria, se é o caso, conforme os criterios indicados na programación oficial do Departamento.

AVALIACIÓN:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN			
(especificar en relación ás porcentaxes marcadas na programación didáctica)			
Boletíns/Traballos	Exposicións	Probas escritas	Outros (especificar)
Peso na cualificación:	Peso na cualificación:	Peso na cualificación: 100%	Peso na cualificación:

Muros, 12 de setembro de 2025

O xefe do Departamento

Asdo: José Luís Sacau Fontenla

O profesor que imparte a materia

Asdo: José Luís Sacau Fontenla